

ANUNCIO

EXPTE. 343/19: CONCURSO CONVOCADO PARA CUBRIR 5 PRAZAS DE “TÉCNICOS/AS SUPERIORES EN ACTIVIDADES FÍSICAS E ANIMACIÓN DEPORTIVA” PARA AS ACTIVIDADES DE VERÁN DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Consta na Acta do Tribunal Calificador, de data 30 de maio de 2019, relativa ao concurso referido, o seguinte:

Presidenta: D^a. Elena Reboredo Fernández, Adxunta a Secretaria-Intervención do concello.

Secretaria: D^a Margarita Mariño Pérez, Secretaria-Interventora do

VOGAIS

D.^a Silvia Suárez Martínez, Animadora lúdico-deportivo do Concello.

D.^a Raquel Villaverde Acuña, Coordinadora Deportiva do Concello

D.^a Cynthia López Castellano, Axente de Desenrolo Local do Concello de Soutomaior.

ANTECEDENTES

1^o) Con data 23 de maio de 2019 o Tribunal valorou os méritos presentados polas/os aspirantes.

2^o) Na mesma data publicouse anuncio da Acta referida para que no prazo de 3 días hábiles as/os interesadas/os puidesen presentar reclamacións.

3^o) Con data 28 de maio de 2019 D Martín Obelleiro Argibay presentou solicitude de revisión da puntuación, presentando novo certificado de servicios prestados, debidamente asinado e coas especificacións esixidas na convocatoria, en substitución do “certificado” presentado coa solicitude, sen asinar por ninguén.

Polo Tribunal examinase a reclamación presentada.

A Base 8^a das aprobadas ó efecto, establece que “Os méritos dos apartados anteriores acreditaranse mediante certificado expedido polas entidades nas que foron prestados os servizos, especificando: as funcións realizadas, o grupo de idade ó que foron dirixidas e as horas traballadas.”

A non presentación de certificado acreditativo dos servicios prestados conleva a imposibilidade para o Tribunal de ter en conta os méritos alegados polo solicitante.

A vista do anterior, o Tribunal ACORDA:



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

1º.- DESESTIMAR a reclamación presentada por D. Martín Obelleiro Argibay, por non presentar os certificados preceptivos xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, de acordo coa Base 8ª.

2º.- RATIFICAR a proposta do Tribunal de data 23 de maio de 2019.

O ALCALDE,

Documento asinado dixitalmente á marxe.